



CONCELLO DE O SAVIÑAO

Plaza de España 1
Escairón- O Saviñao 27540 (Lugo)
Teléfono 982 452061 Fax 982 453048

BASES DO CONCURSO ONLINE DE SAMAÍN 2021

O Concello de O Saviñao convoca o 'CONCURSO ONLINE DO SAMAÍN' con arranxo ás seguintes:

BASES DO CONCURSO

1. Poderá participar calquera persoa de 0 a 16 anos cun máximo de 3 fotografías por cada categoría.
2. As fotografías deben estar relacionadas co tema: o Samaín.
3. Os participantes deberán enviar as fotografías ao correo: concelleriadecultura@concellodosaviniao.net ata o día **31 de outubro ás 20:00 h.** No correo deberá figurar o **nome e apelidos, idade, dirección completa, teléfono de contacto e autorización para a publicación das fotografías (Anexo I). No asunto do correo deberá figurar "Samaín Online 2021"**. Os participantes deberán recibir un correo de confirmación por parte do concello para estar admitidos no concurso. **Deberase nomear cada fotografía cun título, que será co que participarán no certame.**
4. O día 1 de novembro as fotografías recibidas subiranse ao Facebook *Concello O Saviñao*. Por un lado, a que máis "Me gusta" obteña en cada categoría ata o 5 de novembro ás 14:00 horas será unha das gañadoras do concurso. Entre as fotografías restantes, un xurado formado por persoal do concello seleccionará un gañador/a por categoría baseándose na estética, esforzo, orixinalidade, etc. Unha vez fallado o concurso comunicárase o resultado ós galardoados/as.
5. **Premios e categorías:**
Establécense as seguintes categorías e premios:
 - **Categoría disfrace:** os participantes deberán enviar unha fotografía co seu disfrace de Samaín. Poden ambientar a fotografía o mellor posible, decorando o escenario para a ocasión, con tea de araña, cabazas, morcegos, fantasmas... tan terrorífico como desexen!
 - **Categoría cabaza:** os participantes deberán enviar unha fotografía dunha ou máis cabazas decoradas para a ocasión: o Samaín.





CONCELLO DE O SAVIÑAO

Plaza de España 1
Escairón- O Saviñao 27540 (Lugo)
Teléfono 982 452061 Fax 982 453048

A fotografía que máis “*Me gusta*” obteña en cada categoría, no prazo establecido, recibirá un **vale de 50€** para gastar no comercio local.

A fotografía seleccionada polo xurado en cada categoría recibirá un **vale de 50€** para gastar no comercio local.

6. A entrega dos vales notificarase con antelación ós premiados/as.
7. O concello resérvase tódolos dereitos sobre as fotografías recibidas, incluído o de reprodución e publicación en redes sociais, medios de comunicación, etc.
8. Tódalas cuestións non previstas nestas bases serán resoltas pola sección de Cultura e Servizos Sociais do Concello do Saviñao.
9. Todo traballo que non cumpra co disposto nestas bases quedará excluído do concurso.
10. O xurado estará formado por un mínimo de 3 persoas, sendo as mesmas persoal do concello do Saviñao.
11. A acta do certame publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello e 3 días despois de rematar a votación.
12. A presentación a este concurso implica necesariamente a aceptación de tódolos puntos das presentes bases.

MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DE IMAXES DE MENORES

D./D^a _____ con
Dni _____ como pai/nai ou representante legal do/a menor de idade
_____ AUTORIZO á publicación das
fotografías nas que apareza o/a menor coa finalidade de ser presentadas no concurso
“*Samaín online*” do concello do Saviñao e publicadas nas redes sociais.

En O Saviñao, a ____ de _____ de 2021.

Asinado:

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

